

A IDADE CONTEMPORÁNEA (S. XIX)

A Idade Contemporánea comprende dende a Revolución Francesa (ano 1789) ata a actualidade.

Como é un período moi extenso estudarémolo en dous temas. O primeiro dos temas abarca todo o S. XIX e o seguinte tema expoñerá os S. XX e XXI.

ÉPOCA DE CAMBIOS

a) CAMBIOS POLÍTICOS E SOCIAIS

No ano 1789 a burguesía e os campesiños rebélanse contra os privilexiados (a nobreza e o rei). A esta revolución denomínase **“REVOLUCIÓN FRANCESA”**, que remata no ano 1804 con **Napoleón proclamado emperador de Francia.**

Os máximos revolucionarios foron: **Montesquieu, Voltaire e Rousseau.** Os seus principios eran a **liberdade, a igualdade e a fraternidade.**

Os motivos que levaron ao pobo a levantar a Revolución Francesa foron:

- a)** Un momento de fale polas malas colleitas.
- b)** Esa crise de malas colleitas fixo que o pobo se dera conta de que a nobreza seguía sen pagar impostos, algo que vían inxusto.
- c)** Aparecen as novas ideas da Ilustración: liberdade, igualdade e fraternidade.

As consecuencias da Revolución Francesa foron:

- a) Francia deixou de ser unha monarquía (deixou de ter rei e pasou a ter un emperador)
- b) Desapareceu a división da sociedade entre privilexiados e non privilexiados.
- c) Redactouse un documento onde se defendían 3 principios básicos: liberdade, igualdade e fraternidade.
- d) Aprobouse unha constitución con principios básicos como: eleccións libres e separación de poderes.

b) CAMBIOS ECONÓMICOS

Os grandes cambios económicos veñen da man da “**REVOLUCIÓN INDUSTRIAL**”.

Esta revolución implica un cambio na forma de traballo dos homes, pasando de ser case todos os traballos manuais a ser traballos onde se axudaban de novas máquinas. Isto foi posible grazas á **INDUSTRIALIZACIÓN**, onde destaca o invento da máquina de vapor.

A industrialización provocou os seguintes cambios:

AGRICULTURA	- Grazas á nova maquinaria medran os cultivos e permite a conservación e obter novos produtos. - Aparece a industria da conserva e a industria do téxtil.
DEMOGRAFÍA	- Aumenta a poboación xa que se reducen as defuncións polas melloras médicas. Tamén ao haber máis colleitas a alimentación é mellor. - Prodúcense grandes migracións do campo á cidade para traballar nas novas fábricas.

TECNOLOXÍA	- Os novos inventos e a nova maquinaria para as fábricas veñen grazas ao descubrimentos da máquina de vapor. Grazas a esta máquina mellorouse a comunicación entre pobos (o tren e a barco a vapor) e a mellora nas fábricas.
------------	---

A SOCIEDADE E A ECONOMÍA NA IDADE CONTEMPORÁNEA

Coas ideas da **REVOLUCIÓN FRANCESA**, e os cambios económicos da **REVOLUCIÓN INDUSTRIAL**, os grupos da sociedade pasan a ser:

a) O proletariado:

Estaba formado polos traballadores das fábricas e das minas de carbón. Os seus salarios eran moi baixos e as condicións de traballo eran moi duras. Ademais de traballar homes e mulleres tamén facían traballar aos nenos e nenas.

Este proletariado vivían en casas pequenas e con malas condicións. A maioría desta xente eran campesiños que chegados para traballar nas fábricas e non tiña acceso a os estudos.

b) A burguesía:

Formado polos propietarios das fábricas, das minas e da maquinaria que se estaba inventando. Dominaban o comercio, a industria, e fundaron os bancos.

Vivían en grandes casas cómodas e ben equipadas. Tiñan serventes e acceso á educación.

c) Clase media:

Formada polas persoas que se dedicaban ao comercio e a profesión libres (avogados, médicos, mestres...). Non eran nin proletariado nin burguesía.

A CULTURA E A ARTE NO S. XIX

A cultura e a arte neste período están presentes no **ROMANTICISMO, O REALISMO E O IMPRESIONISMO.**

a) O ROMANTICISMO

É un estilo artístico que defendía que os sentimentos debían inspirar ao autor. **Os artistas románticos querían dar unha visión subxectiva da realidade** (a verdade que eles vían e sentían)

A PINTURA

Busca reflexar o misterio, o dramatismo, a inquietude...

Destacan: Turne, Delacroix e Constable.




A liberdade guiando ao pobo (Delacroix)

LITERATURA

Tamén presentan os sentimentos e os cambios sociais do momentos.

Destacan: Lord Byron, Mary Shelley e Goethe.



MÚSICA

O movemento artísticos con maior riqueza.

Destacan: Beethoven, Chopin e Wagner.



b) O REALISMO

É un estilo artístico que se opón ao romanticismo, pois intenta **presentar unha visión obxectiva** (a realidade)

A PINTURA

Son cadros moi realistas.

Destacan: Coubert, Daumier e Anker.




Las cribadoras de trigo (Coubert)

LITERATURA

O momento artístico máis destacado, pois reflexaba con moita realidade como era o proletariado.

Destaca: Charles Dickens



MÚSICA

Destacan: Bizet y Donizetti



c) O IMPRESIONISMO

É un estilo artístico que nace a finais do S. XIX e que influíu sobre todo na **PINTURA**.

A PINTURA

Intenta impresionar con cadros sobre a natureza, por iso pintaban ao aire libre.

Destacan: Monet, Renoir e Degas.



Muller recollendo flores (Renoir)

ESPAÑA NA IDADE CONTEMPORÁNEA (S. XIX)

A principio do S. XIX España estaba gobernada por unha monarquía absolutista. Pero no ano **1808**, os franceses entran en loita con España. **Napoleón gañou** a guerra e detivo ao rei español **Carlos IV**. Nese momento houbo un intento de instaurar un sistema democrático. Incluso se chegou a redactar unha constitución chamada a **Constitución de Cádiz, no ano 1812**.

Esta constitución non chegou a empregarse, pois ao rematar a guerra no ano 1814, o rei Fernando VII (fillo de Carlos IV) volve a España e restaura a monarquía absolutista.

CAMBIOS ECONÓMICOS EN ESPAÑA

O proceso de industrialización en España foi moito máis lento e máis dificultoso.

O maior problema en España, foi que os grandes propietarios dos terreos non investiron os seus beneficios en nova maquinaria nin en novas fábricas. Con todo, a economía española seguía centrada na agricultura e gandería.

Non obstante a industrialización en España comezou por zonas entre os anos 1830 e 1850:

- En Cataluña xurdiu unha forte industria téxtil.
- En Asturias desenvolveuse unha forte minería, necesaria para extraer o carbón para as máquinas de vapor.
- No País Vasco creouse unha industria da siderurxia para crear metais para as novas fábricas.

A ARTE E A CULTURA EN ESPAÑA NO S. XIX


As diferentes correntes artísticas chegaron de forma tardía a España, inda así temos:

Hai 3 grandes estilos artísticos:

a) O ROMANTICISMO EN ESPAÑA:

A máxima representación do Romanticismo en España é a **LITERATURA**. A súa intención era falar e amosar os seus sentimentos.

Destacan: Espronceda, Gustavo Adolfo Becque e Rosalía de Castro.




Cantares Gallegos (Rosalía de Castro)

b) O REALISMO EN ESPAÑA:

Tamén é a literatura o que máis destaca deste estilo artístico. Neste momento inténtase mostrar na literatura os costumes máis reais da poboación.

Destacan: Benito Pérez Galdós, Leopoldo Alas “Clarín” e Emilia Pardo Bazán.



Los Pazos de Ullo (Emilia Pardo Bazán)

c) O IMPRESIONISMO EN ESPAÑA:

Aquí o xénero artístico máis representativo é a **PINTURA**.

Destacan: Joaquín Sorolla e Ramón Casas.

Pero hai que citar aquí a **FRANCISCO DE GOYA**, pintor deste momento histórico pero que non se pode encaixar en ningún movemento concreto, pois tocou todos os estilos posibles.



Os fusilamentos do 2 de maio (Goya)



La maja vestida (Goya)